



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DA LIÑA DE AXUDAS DE APOIO AO EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DO FINANCIAMENTO DAS COTAS SOCIAIS DE PERSOAS AUTÓNOMOS/AS (LIÑA 2.7_PEL-AUTÓNOMOS/AS).

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante Resolución desta Presidencia número 2023/2756 de data 24/01/2023, se aprobaron as bases reguladoras das **Axudas de apoio ao emprendimento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (Liña 2.7_PEL-AUTÓNOMOS/AS)**.

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 19 de 27/01/2023.

RESOLVO:

1º. Aprobar a **convocatoria das Axudas de apoio ao emprendimento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (Liña 2.7_PEL-AUTÓNOMOS/AS)**.

2º. As axudas rexiranse polas **Bases Xerais** reguladoras dos programas de subvención aprobadas por Resolución da Presidencia número 48073/2022 de data 16/11/2022 e publicada no BOP nº 224 de data 25/11/2022 e polas **Bases reguladoras** publicadas no BOP núm. 19, de 27/01/2023, dispoñibles en:

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/01/27/2023_0000000445.pdf

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/11/25/2022_0000007362.pdf

3º. O prazo de solicitudes **se iniciará ao día seguinte da publicación da convocatoria desta axuda e finalizará o día 10 de marzo de 2023, ás 14:00h**, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña: <https://sede.dacoruna.gal/subtel>

4º. Notificar a presente resolución, así como o extracto da convocatoria que se une como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu enderezo o recorrente, a súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen perxuízo de que se exercite calquera outro recurso que se considere pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO I (GALEGO)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria da Liña de axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cuotas sociais de persoas autónomas (Liña 2.7_PEL-AUTÓNOMOS/AS); cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primeiro. Beneficiarios

Estas axudas van dirixidas **persoas autónomas, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda**, e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter o **domicilio fiscal** nun Concello da provincia da Coruña **de poboación menor a 20.000 habitantes** conforme os datos máis recentes dispoñibles no Instituto Galego de Estadística.
- **Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial ou sistema especial por conta propia** da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con unha **antigüidade** ininterrompida **máxima de 5 anos** anteriores a data de publicación da convocatoria destas axudas. Considérase que non existe interrupción cando entre o cese e o novo alta transcorran menos de 3 meses.
- Estar dado de **alta** en algunha actividade **empresarial** e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria como titular.
- Ter unha **antigüidade máxima de 5 anos de exercicio ininterrompido na actividade** empresarial que desenrola segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade. A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese e novo alta transcorran menos de 3 meses.
- **Non recibir na anualidade 2023 ningunha axuda ou concepto similar**, por parte de ningunha entidade ou organismo pública para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.

Segundo.- Obxecto

A finalidade de estas axudas é o fomento do emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria réxese polas **Bases Xerais** reguladoras dos programas de subvención aprobadas por Resolución da Presidencia número 48073/2022 de data 16/11/2022 e publicada no BOP nº 224 de data 25/11/2022 e polas **Bases reguladoras** publicadas no BOP núm. 19, de 27/01/2023, dispoñibles en:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/01/27/2023_0000000445.pdf

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/11/25/2022_0000007362.pdf

Cuarto. Contía

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 0520/24100/479 por un importe de 1.000.000,00 €.

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria no caso de existir crédito adecuado e suficiente.

A **contía das axudas** oscila entre un **máximo de 2.400 euros (equivalente a 12 meses)** e un **máximo de 1.200,00 euros (equivalente a 6 meses)**, estando previsto o abono das mesmas nun único pago.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitudes **iniciarase ao día seguinte da publicación da convocatoria desta axuda e finalizará o día 10 de marzo de 2023, ás 14:00h**, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña:
<https://sede.dacoruna.gal/subtel>

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel>

ANEXO II (CASTELLANO)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3. b y 20.8.1a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de Ayudas de apoyo al emprendimiento a través del financiamiento de las cuotas sociales de personas autónomas (Línea 2.7_PEL-AUTÓNOMOS/AS), cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Primero. Beneficiarios

Estas ayudas van dirigidas a **personas autónomas, promotoras de iniciativas empresariales que estén desarrollando una actividad con ánimo de lucro con anterioridad a la fecha de publicación de la convocatoria de la ayuda, y reúnan los siguientes requisitos:**

- Tener domicilio fiscal en un ayuntamiento de la provincia de A Coruña **de población menor a 20.000 habitantes** conforme los datos más recientes disponibles en el Instituto Galego de Estadística. .



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

- **Estar dado de alta en el Régimen Especial de Trabajadores Autónomos (RETA)** o en cualquier otro régimen especial o sistema especial **por cuenta propia** de la Seguridad Social o como mutualista de colegio profesional.
- Estar dado de alta en alguna **actividad empresarial** y constar recogida en el Certificado de Situación Censal de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria.
- Tener una **antigüedad máxima de 5 años de ejercicio ininterrumpido en la actividad** empresarial que desarrolla según la información recogida en el certificado de situación censal de la entidad. A estos efectos, se considera que existe continuidad en la misma actividad económica cuando entre el cese y el nuevo alta transcurren menos de 3 meses.
- **No recibir en la anualidad 2023 ninguna ayuda o concepto similar**, por parte de ninguna entidad o organismo público para sufragar las cuotas correspondientes al régimen especial o sistema especial por cuenta propia de la Seguridad Social o como mutualista de colegio profesional.

Segundo.- Objeto

La finalidad de estas ayudas es el fomento del emprendimiento y el trabajo por cuenta propia en los municipios de la provincia de la Coruña de menos de 20.000 habitantes poniendo en marcha mecanismos necesarios para la supervivencia y el fortalecimiento del tejido empresarial autónomo.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se rige por las Bases Generales reguladoras de los programas de subvención aprobadas por Resolución de Presidencia número 48073/2022 de fecha 16/11/2022 y publicadas en el BOP nº 224 de fecha 25/11/2022 y por las Bases reguladoras publicadas en el BOP núm. 19, de 27/01/2023, disponibles en:

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2023/01/27/2023_0000000445.pdf

https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2022/11/25/2022_0000007362.pdf

Cuarto. Cuantía

Estas ayudas se financian con cargo al Presupuesto general de la Diputación para el ejercicio 2023 en la aplicación presupuestaria 0520/24100/479 por un importe de 1.000.000,00 €.

Se podrá ampliar la cuantía máxima de los créditos disponibles para esta convocatoria en el caso de existir crédito adecuado y suficiente.

La **cuantía de las ayudas** oscila entre un **máximo de 2.400 euros (equivalente a 12 meses)** y un **mínimo de 1.200,00 euros (equivalente a 6 meses)**, estando previsto el abono de las mismas en un único pago.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se **se iniciará al día siguiente de la publicación da convocatoria de esta ayuda y finalizará el día 10 de marzo de 2023, a las 14:00h**, teniendo en cuenta que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTeL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación de A Coruña: <https://sede.dacoruna.gal/subtel>

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTeL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel>